



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: HARMONÍA

Profundización no estudo dos elementos e procedementos harmónicos dende a orixe do sistema tonal bimodal ata a actualidade. Realización de traballos estilísticos e libres, vocais e instrumentais. Práctica nun instrumento de teclado os elementos e procedementos empregados.

OBXECTIVOS

- Desenvolver o coñecemento e práctica das capacidades analíticas, auditivas e melódicas que permitan ao alumno desenvolverse e ser capaz de comprender tanto as regras históricas da harmonía tradicional; como a súa evolución, baseándose nos estilos e normas teóricas de cada época (no curso 1º traballarase a época barroco-clasicismo).
- Desenvolver a capacidade analítico-visúal a fin de poder ter unha visión global dunha peza tanto dende unha perspectiva da análise técnica: acordes, progresións, cadencias, disonancias, etc. coma de outras perspectivas analíticas como por exemplo: a Análise Schenkeriana.
- Realización de exercicios de carácter libre e obrigado, coa finalidade de espertar a creatividade e o desenvolvemento dunha linguaxe harmónica creativa e persoal, desenvolvendo tanto aspectos de desenvolvemento melódico, sentido do baixo, así como do oído interno.
- Identificar auditivamente a través de obras os procedementos aprendidos, así como, escoitar internamente os contidos estudados tanto na análise coma na realización de traballos escritos.
- Tocar nun instrumento polifónico (ó piano) os diferentes traballos realizados.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: HARMONÍA

CURSO 1º

TRIMESTRE 1º

CONCEPTOS

- Ampliación da tonalidade (6ª napolitana, dominante da dominante, 6º aumentada, modo maior mixto, dominantes secundarias).
- Notas estrañas aos acordes: notas de paso, floreos, escapadas e anticipacións.
- Acordes de 9ª maior e menor de dominante.

PROCEDEMENTOS

- Realización de exercicios que conteñan os contidos estudados.
- Valoración das notas estrañas e dos acordes de 9ª como elementos de expresión.
- Creación persoal de traballos.
- Análise de obras que conteñan os elementos estudados.
- Audicións de obras que conteñan os elementos estudados preferentemente da época barroco-clasicismo.

TRIMESTRE 2º

CONCEPTOS

- Notas estrañas aos acordes (apoiaturas e retardos).
- Acordes de 9ª sobre os restantes grados da escala.
- Progresión unitónica e modulante con acordes de 7ª e 9ª.
- Estudo do sentido horizontal da harmonía no seu sentido sintáctico (frase, semifrase, seccións etc.).

PROCEDEMENTOS

- Realización de exercicios que conteñan os contidos estudados.
- Creación persoal de traballos.
- Análise de obras que conteñan os elementos estudados.
- Audicións de obras que conteñan os elementos estudados preferentemente da época barroco-clasicismo.

TRIMESTRE 3º

CONCEPTOS

- Notas estrañas aos acordes, repaso e perfeccionamento.
- Acordes de 11ª y 13ª. Acordes con notas engadidas e substitutivas.
- Acordes de sobre-tónica.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: HARMONÍA

- Estudo do pedal.
- Coral.
- Continuación do estudo do sentido horizontal da harmonía no seu sentido sintáctico (frase, semifrase, secciones etc.).

PROCEDEMENTOS

- Realización de exercicios que conteñan os contidos estudados.
- Creación persoal de traballos.
- Análise de obras que conteñan os elementos estudados.
- Audicións de obras que conteñan os elementos estudados preferentemente da época barroco-clasicismo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Demostrar o dominio do alumno no referente ó uso dos acodes como a 6ª napolitana, 6ª aumentada, dominantes alteradas tanto no seu uso tonal como na súa relación coa modulación e a modulación enharmónica.
- Demostrar o coñecemento e a práctica do uso dunha linguaxe fluída en canto ó uso da notación estrana de modo musical e estilísticamente correcta.
- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal e a súa relación con estruturas formais concretas.
- Recoñecer os procedementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal mediante a análise de obras ou fragmentos adaptados o contido do curso.
- Identificar auditivamente mediante a análise, diversos erros en exercicios preparados para tal fin e propoñer solucións.
- Comproba-la capacidade do alumno para empregar nun instrumento polifónico para tocar de modo práctico o escrito.

PROBAS OBXECTIVAS:

Ampliación, suficiencia, xuño e setembro

- Realizar un baixo-tiple dado polo Profesor que conteña os contidos referidos na programación do curso e cunha extensión mínima de 24 compases. O tempo mínimo da realización do exercicio será de 6 horas e o máximo de 8 horas.

NOTA I:- Traballos a realizar polos alumnos que non asisten a clase ou suspenden en xuño, para ter garantía de superar a materia no exame final:

O alumno presentará realizados 20 exercicios propostos polo profesor dos libros de exercicios De Napoli, e 2º e 3º libro de exercicios de Zamacois. O alumno presentará 5 análise formal e harmónico de obras propostas polo profesor.

NOTA II:



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: HARMONÍA

1. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de xuño** e non entregasen os traballos, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntalos o día do exame.
2. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de setembro** e non entregasen os traballos en xuño, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntarlos o día do exame.
3. - **Os alumnos que non haxan cumprido os créditos** deberán realizar unha proba global, determinada polo Departamento ou polo Profesor, consistente na realización de un ou varios exercicios que comprendan os contidos da materia e nos que o alumno demostre que está capacitado para atinxir os obxectivos establecidos na programación. Asemade, deberán adxuntar os traballos o día do exame.
4. - Aqueles alumnos que realicen a **proba de ampliación** deberán, tamén, presentar os traballos.
- 5.- O **contido das probas obxectivas** é o que figura na programación de cada unha das materias adscritas ao Departamento.
6. - O **sistema de cualificación** consignarase nos termos de suspenso, aprobado, notable, sobresaínte e matrícula de honra. As **cualificacións serán comunicadas** aos alumnos nas clases y/o mediante certificación (papeleta) da secretaria do Centro.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

- O carácter das clases é de pequenos grupos de dous alumnos, polo que o contacto profesor alumno é extremadamente directo polo cal a programación adaptárase de modo moi continuo e individualizado ás características de cada alumno, facendo maior incidencia naqueles aspectos da programación máis custosos para o alumno.
- As clases desenvolveranse de modo participativo, tocando ao piano, tanto o profesor como o alumno, os traballos realizados ou usando tamén medios tecnolóxicos como a informática. Fomentarase o desenvolvemento analítico do alumno, así como, a súa capacidade de lectura (primeira vista), desenvolvemento auditivo, memorización e comprensión musical.
- Fomentarse o coñecemento do traballo de cada alumno por parte de todos, (se poderán facer actividades conxuntas de tipo analítico, etc.), así como, impulsar os traballos de carácter libre e persoal para a súa difusión a través de audicións e concertos.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: HARMONÍA

CURSO 2º

Profundización no estudo dos elementos e procedementos harmónicos dende a orixe do sistema tonal bimodal ata a actualidade. Realización de traballos estilísticos e libres, vocais e instrumentais. Práctica nun instrumento de teclado os elementos e procedementos empregados.

OBXECTIVOS

- Desenvolver o coñecemento e práctica das capacidades analíticas, auditivas e melódicas que permitan ao alumno desenvolverse e ser capaz de comprender tanto as regras históricas da harmonía tradicional; como a súa evolución, baseándose nos estilos e normas teóricas de cada época (no curso 2º traballárase a época clasicismo tardío-romanticismo).
- Desenvolver a capacidade analítico-visúal a fin de poder ter unha visión global dunha peza tanto dende unha perspectiva da análise técnica: acordes, progresións, cadencias, disonancias, etc. coma de outras perspectivas analíticas como por exemplo: a Análise Schenkeriana.
- Realización de exercicios de carácter libre e obrigado, coa finalidade de espertar a creatividade e o desenvolvemento dunha linguaxe harmónica creativa e persoal, desenvolvendo tanto aspectos de desenvolvemento melódico, sentido do baixo, así como do oído interno.
- Identificar auditivamente a través de obras os procedementos aprendidos, así como, escoitar internamente os contidos estudados tanto na análise coma na realización de traballos escritos.
- Tocar nun instrumento polifónico (ó piano) os diferentes traballos realizados.

TRIMESTRE 1º

CONCEPTOS

- O estudo da modulación lonxana nas súas diferentes manifestacións clásico-románticas. A modulación por enharmonía no seu uso parcial o total. Estudo do VII grado diminuído e as súas diferentes posibilidades de modulación enharmónica.
- O estudo do acorde de 6ª napolitana en canto ao seu uso na modulación veciña e lonxana.
- O estudo dos acordes de, dominante da dominante e 6ª aumentada en canto ao seu uso na modulación (modulación por enharmonía).
- As implicacións do modo maior mixto na modulación.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: HARMONÍA

PROCEDEMENTOS

- Realización de exercicios (baixos dados e tiples ou sopranos dados) que conteñan os elementos estudados.
- Creación persoal de traballos.
- Análise de obras que conteñan os elementos estudados.
- Audicións de obras que conteñan os elementos estudados preferentemente da época clasicismo tardío– romanticismo.

TRIMESTRE 2º

CONCEPTOS

- Estudo da apoiatura no seu concepto clásico-romántico. Repaso e afondamento no uso dos diferentes usos dos distintos tipos de notas estrañas (notas de paso, floreos ou bordaduras dobres, retardos, anticipación e escapada). Uso do silencio como valor expresivo.
- O estudo do pedal clásico–romántico, e tipos de acordes empregados encima do mesmo coma as sobretónicas, novenas, e diferentes fórmulas modulatorias e de acordes alterados.
- O estudo dos acordes alterados na dominante do modo maior e menor (5ª elevada o rebaixada no V; e terceira elevada e rebaixada no VII) e o seu uso na tonalidade e tamén en relación coa modulación enharmónica.

PROCEDEMENTOS

- Realización de exercicios que conteñan os elementos estudados.
- Valoración da apoiatura e do silencio como elemento expresivo.
- Creación persoal de traballos.
- Análise de obras que conteñan os elementos estudados.
- Audicións de obras que conteñan os elementos estudados preferentemente da época clasicismo tardío– romanticismo.

TRIMESTRE 3º

CONCEPTOS

- Estudo de movementos cromáticos progresivos de carácter libre.
- Continuación do estudo da modulación por enharmonía.
- Continuación do estudo do sentido horizontal da harmonía no seu sentido sintáctico (frase, semifrase, secciones etc,) desenvolvendo a creación de pequenas formas musicais.
- Repaso dos conceptos aprendidos.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: HARMONÍA

PROCEDEMENTOS

- Realización de exercicios que conteñan os elementos estudados.
- Creación persoal de traballos.
- Análise de obras que conteñan os elementos estudados.
- Audicións de obras que conteñan os elementos estudados preferentemente da época clasicismo tardío – romanticismo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Demostrar o dominio do alumno no referente ó uso dos acordes como a 6ª napolitana, 6ª aumentada, dominantes alteradas tanto no seu uso tonal como na súa relación coa modulación e a modulación enharmónica.
- Demostrar o coñecemento e a práctica do uso dunha linguaxe fluída en canto ó uso da notación estrana de modo musical e estilisticamente correcta.
- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal e a súa relación con estruturas formais concretas.
- Recoñecer os procedementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal mediante a análise de obras ou fragmentos adaptados o contido do curso.
- Identificar auditivamente mediante a análise, diversos erros en exercicios preparados para tal fin e propoñer solucións.
- Comproba-la capacidade do alumno para empregar nun instrumento polifónico para tocar de modo práctico o escrito.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

- O carácter das clases é de pequenos grupos de dous alumnos, polo que o contacto profesor alumno é extremadamente directo polo cal a programación adaptase de modo moi continuo e individualizado ás características de cada alumno, facendo maior incidencia naqueles aspectos da programación máis custosos para o alumno.
- As clases desenvolveranse de modo participativo, tocando ao piano, tanto o profesor como o alumno, os traballos realizados ou usando tamén medios tecnolóxicos como a informática. Fomentase o desenvolvemento analítico do alumno, así como, a súa capacidade de lectura (primeira vista), desenvolvemento auditivo, memorización e comprensión musical.
- Fomentase o coñecemento do traballo de cada alumno por parte de todos, (se poderán facer actividades conxuntas de tipo analítico, etc.), así como, impulsar os traballos de carácter libre e persoal para a súa difusión a través de audicións e concertos.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: HARMONÍA

PROBAS OBXECTIVAS:

Ampliación, suficiencia, xuño e setembro

- Realización dun exercicio baixo-tiple dado polo profesor que plantexe problemas acerca dos contidos estudados na programación e estudados durante o curso cunha extensión mínima de 24 compases. O tempo de realización será entre 6 e 8 horas.

NOTA I:- Traballos a realizar polos alumnos que non asisten a clase ou suspenden en xuño, para ter garantía de superar a materia no exame final:

O alumno presentará realizados 20 exercicios propostos polo profesor dos libros de exercicios De Napoli, e 2º e 3º libro de exercicios de Zamacois. O alumno presentará 5 análise formal e harmónico de obras propostas polo profesor.

NOTA II:

1. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de xuño** e non entregasen os traballos, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntarlos o día do exame.
2. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de setembro** e non entregasen os traballos en xuño, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntarlos o día do exame.
3. - **Os alumnos que non haxan cumprido os créditos** deberán realizar unha proba global, determinada polo Departamento ou polo Profesor, consistente na realización de un ou varios exercicios que comprendan os contidos da materia e nos que o alumno demostre que está capacitado para atinxir os obxectivos establecidos na programación. Asemade, deberán adxuntar os traballos o día do exame.
4. - Aqueles alumnos que realicen a **proba de ampliación** deberán, tamén, presentar os traballos.
- 5.- O **contido das probas obxectivas** é o que figura na programación de cada unha das materias adscritas ao Departamento.
6. - O **sistema de cualificación** consignarase nos termos de suspenso, aprobado, notable, sobresaínte e matrícula de honra. As **cualificacións serán comunicadas** aos alumnos nas clases y/o mediante certificación (papeleta) da secretaria do Centro.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: HARMONÍA

CURSO 3º

Profundización no estudo dos elementos e procedementos harmónicos dende a orixe do sistema tonal bimodal ata a actualidade. Realización de traballos estilísticos e libres, vocais e instrumentais. Práctica nun instrumento de teclado os elementos e procedementos empregados.

OBXECTIVOS

- Desenvolver o coñecemento e práctica das capacidades analíticas, auditivas e melódicas que permitan ao alumno desenvolverse e ser capaz de comprender tanto as regras históricas da harmonía tradicional; como a súa evolución, baseándose nos estilos e normas teóricas de cada época (no curso 3º traballárase a época postromántica, a ruptura da tonalidade tradicional e as novas tendencias do século XX).
- Desenvolver a capacidade analítico-visúal a fin de poder ter unha visión global dunha peza tanto dende unha perspectiva da análise técnica: acordes, progresións, cadencias, disonancias, etc. coma de outras perspectivas analíticas como por exemplo: a Análise Schenkeriana.
- Realización de exercicios de carácter libre e obrigado, coa finalidade de espertar a creatividade e o desenvolvemento dunha linguaxe harmónica creativa e persoal, desenvolvendo tanto aspectos de desenvolvemento melódico, sentido do baixo, así como do oído interno.
- Identificar auditivamente a través de obras os procedementos aprendidos, así como, escoitar internamente os contidos estudados tanto na análise coma na realización de traballos escritos.
- Tocar nun instrumento polifónico (ó piano) os diferentes traballos realizados.

TRIMESTRE 1º

CONCEPTOS

- O estudo dos principios harmónicos conducentes a ruptura e agotamento da tonalidade (progresións cromáticas, acordes errantes, aumentados, diminuídos, etc), a emancipación da disonancia e o neomodalismo na linguaxe romántica, nos nacionalistas e posteriores. Mahler, Franck, Satrauss, Scriabin, Fauré, Satie, Debussy, e Ravel.
- Os modos no século XX, a tonalidade pentáfona, intercambio modal.
- Acordes con sons engadidos, e/o substitutivos, acordes híbridos, poliacordes.
- Profundización do estudo do sentido horizontal da harmonía no seu sentido sintáctico (frase, semifrase, secciones etc,) desenvolvendo a creación de pequenas formas musicais.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: HARMONÍA

PROCEDEMENTOS

- Realización de exercicios (baixos dados e tiples ou sopranos dados) que conteñan os elementos estudados.
- Creación persoal de traballos.
- Análise de obras que conteñan os elementos estudados.
- Audicións de obras que conteñan os elementos estudados preferentemente do postromanticismo e das escolas nacionalistas.

TRIMESTRE 2º

CONCEPTOS

- Continuación dos conceptos propostos no trimestre anterior.
- Estudo do período atonal (etapa conducente ao atonalismo) e os seus principios harmónicos, así como o estudo dos principios e plantexamentos harmónicos do dodecafonismo e serialismo. Schönberg, Berg y Webern.
- Tonalidade estendida. Centros tonais. As portas da atonalidade. Atonalidade e dirección harmónica. Linealidade. Prokoviev, Shostakovich.
- Estudo de conceptos como politonalidade, bitonalidade, bimodalidade ou polimodalidade.
- Paralelismo harmónico e o uso de pedais e obstinatos no século XX.
- Estudo do sistema harmónico de Bartok, principios tonais (sistema de eixes, sección áurea, e sistema cromático e diatónico. Harmonía por cuartas, segundas, etc..
- Estudo dos principios harmónicos neoclásicos, pandiatonismo. Satie, escola dos seis, Stravinsky)
- Estudo dos principios harmónicos de Hindemith.

PROCEDEMENTOS

- Realización de exercicios que conteñan os elementos estudados.
- Creación persoal de traballos.
- Análise de obras que conteñan os elementos estudados.
- Audicións de obras que conteñan os elementos estudados preferentemente de tendencias atonais e neoclásicas.

TRIMESTRE 3º

CONCEPTOS

- Estudo da importancia do contrapunto dentro da composición no século XX.
- Tratamiento libre das disonancias, teoría dos grados de tensión (Krenek).



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: HARMONÍA

- Estudio dos poliacordes, uso percusivo da harmonía, outras formacións de acordes (acordes por cuartas, oncenas, trecenas, clusters, diferentes tipos de escalas, etc. Messiaen).
- Crise compositiva na época contemporánea e novas teorías harmónicas.
- As microafinacións; unha alternativa de evolución tonal: Alois Hába, Persichetti, etc.

PROCEDEMENTOS

- Realización de pequenas composicións (usando diferentes técnicas do século XX) que conteñan os elementos estudados.
- Creación persoal de traballos en estilo libre e persoal.
- Análise de obras que conteñan os elementos estudados preferentemente da 1ª metade do século XX, e posteriormente da 2ª metade do mesmo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Demostrar o dominio do alumno no referente ó uso dos novos procedementos harmónicos de finais do século XIX primeira metade do século XX, como son: o uso do neomodalismo, o atonalismo, o dodecafonismo, o sistema bartokiano, novas formacións de acordes, e concepción da disonancia, etc.
- Demostrar o coñecemento e a práctica do uso dunha linguaxe fluída en cuanto ó uso da notación estrana de modo musical e estilisticamente correcta.
- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos y sintácticos dos principios que conducen a ruptura da harmonía tonal e novos tipos de relacións harmónicas (diferentes escalas, tipos de acordes, etc)
- Recoñecer os procedementos morfolóxicos e sintácticos dos principios que conducen a ruptura da harmonía tonal, mediante a análise de obras ou fragmentos adaptados ao contido do curso.
- Identificar auditivamente mediante a análise, diversos erros en exercicios preparados para tal fin e propoñer solucións.
- Comproba-la capacidade do alumno para empregar nun instrumento polifónico para tocar de modo práctico o escrito.
- O alumno confeccionará ao longo do curso pequenas pezas, estudos ou miniaturas para piano desenvolvendo os procedementos compositivos estudados das principais e diferentes técnicas empregadas no século XX.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

- O carácter das clases é de pequenos grupos de dous alumnos, polo que o contacto profesor alumno é extremadamente directo polo cal a programación adaptárase de modo moi continuo e individualizado ás características de cada



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: HARMONÍA

alumno, facendo maior incidencia naqueles aspectos da programación máis custosos para o alumno.

- As clases desenvolveranse de modo participativo, tocando ao piano, tanto o profesor como o alumno, os traballos realizados ou usando tamén medios tecnolóxicos como a informática. Fomentarase o desenvolvemento analítico do alumno, así como, a súa capacidade de lectura (primeira vista), desenvolvemento auditivo, memorización e comprensión musical.
- Fomentarse o coñecemento do traballo de cada alumno por parte de todos, (se poderán facer actividades conxuntas de tipo analítico, etc.), así como, impulsar os traballos de carácter libre e persoal para a súa difusión a través de audicións e concertos.

PROBAS OBXECTIVAS:

Ampliación, suficiencia, xuño e setembro

- Realización dun exercicio baixo-tiple dado polo profesor que plantexe problemas acerca dos contidos estudados na programación e estudados durante o curso cunha extensión mínima de 24 compases. O tempo de realización será entre 6 e 10 horas.

NOTA I:- Traballos a realizar polos alumnos que non asisten a clase ou suspenden en xuño, para ter garantía de superar a materia no exame final:

O alumno presentará 15 exercicios propostos polo profesor acerca dos contidos do curso, para piano. O alumno presentará 5 análise formal e harmónico de obras propostas polo profesor.

NOTA II:

1. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de xuño** e non entregasen os traballos, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntarlos o día do exame.
2. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de setembro** e non entregasen os traballos en xuño, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntarlos o día do exame.
3. - **Os alumnos que non haxan cumprido os créditos** deberán realizar unha proba global, determinada polo Departamento ou polo Profesor, consistente na realización de un ou varios exercicios que comprendan os contidos da materia e nos que o alumno demostre que está capacitado para atinxir os obxectivos establecidos na programación. Asemade, deberán adxuntar os traballos o día do exame.
- 4.- O **contido das probas obxectivas** é o que figura na programación de cada unha das materias adscritas ao Departamento.
5. - O **sistema de cualificación** consignarase nos termos de suspenso, aprobado, notable, sobresánte e matrícula de honra. As **cualificacións serán comunicadas** aos alumnos nas clases y/o mediante certificación (papeleta) da secretaria do Centro.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: HARMONÍA

METODOLOXÍA

Material Curricular Básico

- Tratado de harmonía de Joaquín Zamacois. Libro III.
Ed. Span Press Universitaria.
- Cuadernos de ejercicios de harmonía nº 2 y 3 de Joaquín Zamacois.
Ed. Span Press Universitaria.
- Tratado de harmonía de A. Shöenberg.
Ed. Real Musical.
- Funcions estruturais da harmonía de A. Shöenberg.
Ed. Real Musical.
- Contribucions ao estudo da modulación de Max Reger.
Ed. Real Musical.
- Manual de harmonía de A. Jurafsky.
Ed. Ricordi.
- Harmonía de Walter Piston.
Ed. Labor.
- Novo tratado de harmonía de Alois Haba.
Ed. Real musical.
- A harmonía do século XX de Vicent Persichetti.
Ed. Real musical.
- Harmonía de Diether de la Motte.
Ed. Labor.
- Análise do estilo musical de Jan LaRue.
Ed. Span Press Universitaria 1998.
- Technique de la musique atonale de Julien Falk.
Ed. Alphonse Leduc.
- Composición serial e atonalidade de George Perle.
Ed. Real musical.
- Tonalidade, atonalidade e pantonalidade de Rudolph Reti.
Ed. Rialp.
- Historia da música española Vol. VI. Século XX de Tomas Marco.
Ed. Alianza.
- Antoloxía da música do século XX de Robert P. Morgan.
Ed. Akal.
- A música do século XX de Robert P. Morgan.
Ed. Akal.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: HARMONÍA

RECURSOS

Agrupamentos

- Grupos de 2/1 unha vez por semana 1 hora e 30 minutos cada sesión de clase.

Espazos

- Aulas de 25 a 30 metros cadrados.

Materiais

- Equipos de Audio (un por cada clase con lector de cd).
- TV, vídeo, retroproector y proyector de diapositivas (un equipo para todo o departamento de Fundamentos de Composición).
- Ordenadores (un por cada clase) e software musical (secuenciador, editor de partituras, módulos de sons varios) conectado ao teclado midi (maestro).
- Impresora e Scanner (un equipo para todo o departamento de Fundamentos de Composición).
- Un piano con banqueta (un por cada clase) y atril.
- Mobiliario: encerados por clase con borradores e tizas, armarios, cadeiras con pala, mesa e cadeira para o profesor, papeleira, percheiro e calefacción.

Actividades

- Lectura de obras ou fragmentos (adaptados aos contidos do curso).
- Análise das mesmas.
- Realización de traballos monográficos.
- Audición de obras de diferentes épocas referidos aos contidos do curso.
- Asistencia habitual a concertos.
- Visualización de obras en vídeo que dalgún modo podan estar relacionadas cos contidos de estudio.
- Asistencia a cursos monográficos relacionados cos contidos.
- Composición de pequenas pezas para ser tocadas en público.